

DATA	05/05/09
Nº	788

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución da obra denominada "Ampliación iluminación campo de fútbol a Lavandeira-Acea de Ama", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. Con data 6 de marzo de 2008, mediante a resolución nº 403 da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "Ampliación iluminación campo de fútbol a Lavandeira-Acea de Ama".
2. A tal efecto enviáronse invitacións ás empresas INSTELEC, S.L., MOSTEIRO Y MIÑONES, S.L. e ELECTRICIDAD ALVARO MONTERO, que durante o prazo de presentación establecido presentan as súas ofertas.
3. Analizada a documentación administrativa, resulta que só a empresa INSTELEC, S.L. amosa capacidade suficiente para ser admitida no procedemento de contratación, solicitándose da Area do Medio, Servizos e Obras a valoración da mesma.
4. Visto o informe emitido polo técnico municipal e a oferta económica presentada, determínase a oferta máis vantaxosa para esta Administración en base aos criterios establecidos nos pregos de condicións administrativas particulares de aplicación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.
2. O artigo 135 LCSP establece que a adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar provisionalmente a obra "Ampliación iluminación campo de fútbol a Lavandeira-Acea de Ama" á empresa INSTELEC, S.L., con CIF B-15025661, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación establecidos, fixando o prezo en 56.850,00€, IVE incluído, (orzamento base: 49.008,62€; IVE: 7.841,38€) e o prazo de execución en 2 meses.

SEGUNDO.- Requirit ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se

DATA	05/05/09
Nº	788

publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

TERCERO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez transcorrido o prazo establecido no parágrafo segundo, se non se procedese á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicatario provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na negociación, sempre que isto fose posible.

CUARTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á intervención municipal.

Contra o presente acto administrativo de trámite, cualificado en canto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

DATA	05/05/09
Nº	788

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 7 de abril de 2009
A proposta de
O xefe de sección de xestión
orzamentaria

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime
interior e seguridade

Asdo/ Roberto Babío Fernández

Asdo./ Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Dou fe,
O secretario xeral

Intervenido e conforme,
O/A interventor /a xeral

Asdo/ Raúl Martínez Martínez

Asdo/